

CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS NA PESCA E TURISMO MARIÑEIRO

NO ÁMBITO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO - TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA




Mar das Illas



Código de Boas Prácticas na pesca e turismo mariñeiro no ámbito do PNMTIAG

O presente Código de Boas Prácticas é un dos resultados das accións levadas a cabo no proxecto

Mar das Illas 2: Sostibilidade e boas prácticas na pesca.

Mar das Illas é un proxecto cuxo obxectivo principal é promover a diversificación da actividade pesqueira cara ao turismo mariñeiro así como acadar a sostibilidade tanto das actividades turísticas como das pesqueiras e marisqueiras.

Así mesmo o Código concorda cunha das medidas de xestión sectoriais dos usos marisqueiros e pesqueiros do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional, que pretende promover unha pesca sostible e artesanal na súa zona de influencia para garantir os recursos.



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra
Teléfono: 886 21 30 15
Correo electrónico:
gac6@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo - A Guarda
Teléfono: 986 35 81 09
Correo electrónico:
gac7@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa
Teléfono: 986 51 09 53
Correo electrónico:
gac5@accioncosteira.es



1  *Mar das Illas*

Mar das Illas: turismo mariñeiro.

2 

Colabora coa sostibilidade: Código de Boas Prácticas.

3 

O Parque Nacional, a Pesca e o Turismo Mariñeiro.

4 

Os océanos reclaman a túa axuda.

5 

Mares de problemas - mares de solucións.

6 

Código de Boas Prácticas na pesca
e no turismo mariñeiro.



A stylized map of the Azores archipelago. The islands are represented as green shapes against a light blue background. Four specific archipelagos are highlighted with a dark blue background and labeled in green text. Each highlighted area contains a small orange shape representing a specific island or group of islands. The labels are: 'Arquipélago de Cortegada.' at the top right, 'Arquipélago de Sálvora.' on the left, 'Arquipélago de Ons.' in the center, and 'Arquipélago das Cíes.' at the bottom left.

Arquipélago
de Cortegada.

Arquipélago
de Sálvora.

Arquipélago
de Ons.

Arquipélago
das Cíes.



1. Mar das Illas: turismo mariñeiro.

Diversificación pesqueira.

Mar das Illas é un proxecto de colaboración impulsado polo Galp Ría de Pontevedra e coxestionado co Galp Ría de Arousa e o Galp Ría de Vigo- A Guarda. O obxectivo do proxecto é capacitar ao sector pesqueiro artesanal para que poida diversificar a súa actividade laboral con actividades complementarias de turismo mariñeiro.

Diversificar no ámbito do turismo preséntase como unha interesante alternativa de ingresos ao tempo que se promove unha maior sostibilidade dos recursos pesqueiros, tal e como promoven as directrices da Política Pesqueira Común e o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp). A Unión Europea fomenta a diversificación pesqueira ao través do Crecemento Azul, unha estratexia que aposta pola sostibilidade do sector e reconece a importancia dos mares como motores da economía europea.

Formación.

Coa firme convicción de que o turismo mariñeiro debe seguir o rumbo da calidade e a sostibilidade ambiental, Mar das Illas apostou por formar as xentes do mar proporcionando as ferramentas necesarias para emprender con garantías: no marco do proxecto leváronse a cabo accións formativas sobre turismo mariñeiro, interpretación do patrimonio, sostibilidade ambiental e boas prácticas.

Código de Boas Prácticas.

Coa edición deste Código de Boas Prácticas na Pesca e Marisqueo avanzamos cara a consecución da sostibilidade das actividades pesqueiras e de turismo mariñeiro que se desenvolvan no ámbito de influencia do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG).



2. Colabora coa Sostibilidade: Código de Boas Prácticas.

Rumbo á Sostibilidade.

O presente **Código de Boas Prácticas (CBP)** é un instrumento cuxa subscrición permitirá a mellora da sostibilidade dos recursos pesqueiros e marisqueiros e das actividades de turismo mariñeiro no entorno do Parque Nacional das Illas Atlánticas, aumentando a rendibilidade das empresas pesqueiras ao tempo que beneficia as iniciativas relacionadas co turismo mariñeiro aportando nocións para o seu desenvolvemento sostible.

Un cambio do modo de actuar.

O código establece as regras de comportamento para que o sector pesqueiro favoreza e preserve os ecosistemas mariños e exerza as súas actividades de forma responsable. O obxectivo é asegurar unha pesca sostible que empregue artes selectivas e garanta a continuidade futura dos recursos pesqueiros e promova a súa valorización; por outra banda as boas prácticas en turismo mariñeiro axudarán a posta en marcha de actividades turísticas que teñan como referente a sostibilidade.

A cooperación como sinónimo de éxito.

O Código ten carácter voluntario e o seu propósito é complementar á normativa existente co obxecto de contribuír ao desenvolvemento sostible das actividades pesqueiras e de turismo mariñeiro. Xa que logo faise precisa a cooperación entre as partes interesadas para asegurar que a aplicación do Código sexa uniforme.



Inspirado entre todos.

O presente CBP prácticas está baseado no Código Europeo de Boas Prácticas para unha Pesca Sostible e Responsable, na normativa sectorial da regulación da pesca en Galicia, no borrador do PRUX do PNMTIAG e nas achegas realizadas polos participantes no proxecto Mar das Illas durante os cursos formativos sobre Pesca Sostible e Boas Prácticas.

Visión de futuro.

Ademais o Código pretende sentar as bases para a futura posta en marcha dun identificador da procedencia dos produtos da pesca e marisqueo no ámbito do PNMTIAG integrado na marca de calidade “PescadeRías, de onde se non?”. Os produtos obtidos da actividade marisqueira e pesqueira poderán ser comercializados baixo unha marca de calidade, que se desenvolverá ao través dun regulamento específico.





3. O PNMTIAG, a Pesca e o Turismo Mariñeiro.

Asegurar os recursos para o futuro.

Os parques nacionais son espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural que aseguran a conservación do patrimonio ao tempo que fomentan unha conciencia social cara a conservación, o coñecemento científico e o goce dos visitantes.

Garantir a sostibilidade.

A regulación das actividades que se desenvolven nos parques nacionais garante a conservación dos recursos e vela pola súa sostibilidade. Dado que os ecosistemas mariños do PNMTIAG representan un 86% da superficie, a regulación das actividades que se desenvolven no medio mariño redunda nunha mellor conservación e sostibilidade destes ecosistemas e dos seus recursos pesqueiros e turísticos.

O Plan Reitor de Uso e Xestión.

O principal instrumento para a regulación das actividades nun parque nacional é o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). No que respecta á actividade pesqueira o PRUX do PNMTIAG confirma a aposta do parque pola sostibilidade dos recursos, apoiando á flota de carácter artesanal, profesional e sostible que fomenta a conservación dos recursos.

Unha xestión dinámica e colaborativa.

O parque nacional promoverá a aplicación de Códigos de Boas Prácticas para o sector que permitan unha xestión dinámica na avaliación dos recursos, feito que suporá un esforzo de colaboración por parte da administración e dos equipos humanos das consellerías e confrarías. Ao través de Mar das Illas propoñemos un Código de Boas Prácticas co fin de colaborar na consecución deste obxectivo.



4. Os océanos reclaman a túa axuda.

Fonte de vida.

Os océanos son dende a antigüidade fonte de alimentos, emprego e riqueza. Pero máis importante aínda, a súa temperatura, química, correntes e biodiversidade fan que a Terra sexa habitable para a humanidade: a climatoloxía, auga potable, precipitacións, costas, gran parte dos alimentos e ata o osíxeno que respiramos proveñen, en último termo, dos océanos e son regulados por estes.

Un comportamento sen futuro.

É insólito, pero no canto de agradecerlles todo o que nos aportan e coidalos coma a un tesouro, os humanos semellamos querer ignorar os danos que lles causamos, entre eles:

- sobreexplotación (incluíndo a pesca INDR: ilegal, non declarada e non regulamentada).
- contaminación mariña.
- acidificación das augas por mor do cambio climático.

No camiño cara un novo modelo de xestión.

É hora de cambiar o rumbo! Debemos tomar consciencia do problema e xestionar os océanos dun xeito sostible, é dicir, ao través de modelos que satisfagan as necesidades de hoxe sen comprometer ou limitar as do futuro.

Mar das Illas apoia a pesca sostible e promove o turismo mariñeiro como unha actividade de diversificación coherente cos obxectivos do desenvolvemento sostible: **os océanos reclaman a túa axuda, escóitaos!**



5. Mares de problemas



Bolsas de plástico.

Expectativa de vida:
de 45 a 55 anos.

Perigo: rotura en pequenos anacos que son ingeridos por peixes e outros seres vivos, entrando na cadea alimenticia. Os seres humanos acabamos contaminándonos con estes plásticos.

Outros plásticos, como o PVC, poden permanecer no medio ata 500 anos.

Na próxima década nos océanos haberá un quilo de plástico por cada tres quilos de peixe.

(Informe presentado no Foro Económico Mundial)



Pesca non sostible, furtivismo.

Expectativa de vida:
de 25 a 50 anos.

Perigo: esgotamento dos recursos pesqueiros (as 3/4 partes das poboacións de peixes están plenamente explotadas ou sobreexplotadas).
Destrucción dos ecosistemas mariños.

Menores ingresos a longo prazo por esgotamento dos recursos.

Competencia desleal.

Problemas de saúde pública.

Produtos químicos contaminantes.

Expectativa de vida: algúns compoñentes poden permanecer indefinidamente no medio.

Perigos: envelenamento, e entrada na cadea alimentaria.

(por exemplo pequenas cantidades de Tributilo de Estaño ou TBT -utilizado como antiincrustante-, os aceites usados ou as pilas poden contaminar milleiros de metros cúbicos de auga).



Uso de artes prohibidas.

Perigo: afección aos ecosistemas mariños: captura de exemplares en desova (por exemplo os cacharros para polbo).

Favorecen o esgotamento dos recursos pesqueiros.

Provocan danos nos fondos mariños (por exemplo os aparellos de arrastre prohibidos)

Danos económicos.



Redes e outras artes perdidas .

Expectativa de vida: de 650 a 1000 anos.

Perigo: as redes e outros aparellos perdidos (por exemplo as nasas) seguen pescando ata que

se descompoñen: pesca fantasma.

Afección aos ecosistemas mariños.

Danos en barcos e aparellos de pesca.

Mares de solucións

Produtos químicos biodegradables.

Expectativa de vida: horas/días.
Inocuos para o medio ambiente.
Debemos estar atentos ás novidades e substituír paulatinamente os produtos contaminantes por outros biodegradables.

Os aceites usados deben depositarse nos contedores Marpol e as pilas nos contedores existentes ao efecto.



Uso de artes e métodos de extracción selectivos.

Favorecen a conservación dos ecosistemas.

Permiten a reprodución das especies antes de seren capturadas.

Diminúen as capturas non desexadas ou descartes e aportan beneficios económicos polo maior valor das capturas: tallas e especies.



Redes identificadas e localizadas.


No caso de perder aparellos ou redes debemos tentar recuperalos.

De non ser posible determinaremos a súa posición e avisaremos ás autoridades competentes.

Os barcos tamén deben portar sistemas de seguimento para contribuir ao control da trazabilidade e seguridade das persoas.

Bolsa biodegradable.

Expectativa de vida: poucos días.
Realizadas con materiais inocuos para o medio ambiente.
No caso dos plásticos para os que de momento non existan materiais substitutivos: minimizar o seu uso e extremar as precaucións para que non acaben no mar. Mudar os nosos hábitos reducindo o consumo de plásticos dun só uso.



Pesca sostible

Expectativa de vida: infinita.
Beneficios ecolóxicos, sociais e económicos.

Se os mares do mundo fosen un país, serían o 7º coa economía máis forte do mundo.

Pero esa riqueza pode desaparecer en poucas décadas por mor da sobreexplotación.

A xestión sostible dos océanos pode multiplicar as ganancias, ao recuperar as poboacións de peixes. Nos últimos anos incrementouse a demanda de produtos da pesca e marisqueo de orixe sostible.





6. Boas prácticas

Recursos pesqueiros e medio mariño.

- Colaborar no desenvolvemento e aplicación dun plan sectorial de xestión integral dos recursos pesqueiros e marisqueiros do PNMTIAG, en colaboración coa Consellería do Mar.
- Promover o deseño e posta en marcha dun programa de vixilancia e monitorización das artes utilizadas no PNMTIAG, e dos recursos pesqueiros e marisqueiros extraídos con elas, que permita acadar unha maior eficiencia na xestión dos recursos.
- Colaborar coas administracións para integrar nos Plans de Xestión medidas que favorezan o desenvolvemento sostible, cumprindo criterios de responsabilidade medio ambiental ou eco-condicionalidade, tales como:
 - Memoria biolóxica,
 - Recursos, zonas, cotas e réximes de exclusión, balizamentos, puntos de descarga, control e venda.
 - Programa de seguimento e control.
- Fomentar a creación de zonas de reserva mariñas en colaboración co PNMTIAG e a Consellería do Mar.
- Empregar as artes e métodos máis selectivos e sostibles de entre aquelas permitidas pola lexislación pesqueira.
- Sensibilizar sobre a protección do medio ambiente favorecendo a participación en actividades formativas sobre pesca responsable e desenvolvemento sostible.
- Acordar nos Plans de Explotación tallas comerciais por riba do límite legal para permitir unha maior reprodución dos individuos.



- Respetar as tallas mínimas comerciais e non botar os aparellos naqueles lugares onde sabemos que hai unha maior concentración de individuos xuvenís ou reprodutores.
- Non capturar individuos na época de máximo desove ou cando se concentran en cardumes reprodutores, aínda que non existan vedas establecidas para ditas especies.
- Devolver ao mar aqueles individuos non adecuados para a comercialización pero de interese para aumentar o número de reprodutores.
- Alternar zonas de traballo para permitir a recuperación dos bancos.
- Promover a recuperación e acondicionamento de zonas improdutivas por causa da contaminación, das actividades extractivas ou causas naturais.
- Alertar ás autoridades competentes dos cambios detectados nos ecosistemas, da presenza de especies exóticas invasoras (Real Decreto 630/2013), de accións ou condutas observadas que supoñan un risco para a conservación dos ecosistemas mariños ou da presenza de animais feridos.
- Colaborar cos estudos científicos para detectar as épocas de máximo desove ou cambios nas mesmas.
- Colaborar cos estudos científico para combater a proliferación de especies exóticas invasoras.
- Contribuír ao control da trazabilidade dos produtos extraídos e seguridade das persoas promovendo a instalación de sistemas de seguimento de embarcacións.
- Promover a utilización de marcas de orixe e calidade que axuden a identificar os produtos coa súa procedencia.




Boas prácticas

Na xeración e xestión de residuos...

- Incluir nos Plans de Explotación estratexias destinadas a unha mellorar a xestión dos residuos atopados nos ecosistemas: por exemplo a retirada do lixo mariño.
- Retirar o lixo mariño durante a xornada de traballo. Solicitar axuda ás administracións para que faciliten a súa xestión.
- Substituír, na medida do posible, os materiais plásticos por outros que non causen impacto no medio, dando preferencia a materiais biodegradables ou ecolóxicos.
- Asegurar os materiais a bordo para evitar a súa perda. Informar da perda de aparellos para facilitar a súa recuperación.
- Formar aos empregados no uso dos produtos químicos: coñecemento dos símbolos das etiquetas (perigo e toxicidade, etiqueta ecolóxica...) e atención escrupulosa das instrucións e especificacións de seguridade.
- Demandar aparellos ou artes de pesca fabricados con materiais respectuosos co medio ambiente .
- Xestionar os residuos xerados durante a actividade laboral e depositalos non contedores correspondentes ao chegar a terra. No caso de non existir contedores demandar a súa instalación.
- Inertizar as vísceras antes de desbotalas ao mar ou gardalas para a súa posterior xestión depositándoas en contedores no porto. Desbotar as vísceras directamente no mar é a principal causa do incremento de parasitación por anisakis e outros parasitos no peixe, cefalópodos e crustáceos.



- Empregar produtos non contaminantes para o mantemento das bateas e barcos.
- Utilizar de forma racional a embarcación para evitar o gasto de combustible: no marisqueo a flote traballar co motor apagado.
- Facer un mantemento adecuado do barco para evitar que haxa fugas de hidrocarburos.
- Apostar pola eficiencia enerxética. Solicitar axudas para substituír tecnoloxías obsoletas por outras de maior eficiencia enerxética así como para renovar e modernizar a flota.
- Ter en conta o criterio ambiental na nosa actividade: elixir provedores con certificacións ambientais.
- Denunciar os vertidos ou focos de contaminación que se poidan observen.
- Realizar actividades de concienciación cidadá que teñan como temática a contaminación dos océanos: por exemplo organizar actividades de limpeza de praias e portos.





Boas prácticas

No turismo mariñeiro...

- Posuír o título de Guía Acreditado de Turismo Mariñeiro do PNMTIAG (Curso de Iniciación ao Turismo Mariñeiro no ámbito do PNMTIAG, Mar das Illas) para desenvolver actividades de turismo mariñeiro en embarcación dentro dos límites do espazo protexido.
- Certificarse con selos de sostibilidade como a Carta Europea de Turismo Sostible (CETS).
- Informar das normas de conduta do PNMTIAG.
- Infundir tranquilidade e explicar as normas de seguridade, comportamento e convivencia durante a actividade de turismo mariñeiro. Respetar as zonas de traballo no barco e no porto.
- Divulgar o patrimonio natural e cultural do PNMTIAG, facendo fincapé nos diferentes tipos de ecosistemas mariños -rochosos, areosos, de cascallo e de maërl- e os seus habitantes.
- Coñecer e respectar o medio ambiente, ecosistemas e especies presentes.
- Advertir da importancia de non dar de comer á fauna (aves, mamíferos mariños ...) para non alterar o seu comportamento.
- Manter distancias prudenciais coas especies observadas no mar (cetáceos, aves ...). O obxectivo principal debe ser sempre o benestar dos seres vivos.
- Causar o menor impacto posible cando visitamos un espazo natural. Explicar que para non alterar o medio non se debe recoller ningún elemento natural: cunchas, pedras, etc ...



- Valorizar o modo de vida mariñeiro interpretando a nosa modalidade/s de pesca ou marisqueo artesanal e poñendo en valor a selectividade e sostibilidade dos métodos de captura e a calidade diferencial do produto extraído.
- Divulgar a cultura local e favorecer a economía de proximidade.
- Sensibilizar sobre a importancia das etiquetas e marcas de calidade así como da información que aportan.
- Ser coherentes co desenvolvemento sostible na promoción e execución das actividades. Por exemplo utilizando papel reciclado nos folletos, separando o lixo xerado etc ...
- Planificar, organizar e programar a actividade turística: informarse das necesidades especiais que poidan ter os turistas (persoas con diversidade funcional); previsión do tempo; roupa adecuada; permisos, etc ...
- Preparar actividades adaptadas aos diferentes perfís dos turistas.
- Advertir aos turistas de levar os elementos persoais asegurados (gorras, mochilas ...) para evitar a súa perda.
- Informar ao PNMTIAG das actividades realizadas, necesidades detectadas e resultados das enquisas de avaliación realizadas que afecten ao PNMTIAG



O noso océano,
o noso futuro.





Mar das Illas

www.mardasillas.com

info@mardasillas.com